



**Grupo Municipal Popular
Santiago de Compostela**

Ao abeiro do disposto no artigo 108 e seguintes do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Santiago, o concelleiro que subscribe formula o seguinte rogo.

A entrada sur da nosa cidade por Volta de Castro e Santa Marta, presenta un aspecto descoidado nos terreos que están sen desenvolvemento urbanístico. A maleza dos que están situados na marxe dereita en dirección ao centro invade a beirarrúa obrigando os peóns a ir máis achegados á calzada. Nesta zona, Volta do Castro, Choupana e Santa Marta o anterior Goberno do PP foi insistente na obriga dos propietarios de manter limpas as fincas, acción coa que se conseguiu que os terreos sobre os que non se está a realizar ningún desenvolvemento urbanístico estean cando menos limpos e en condicións mentres non se leva a cabo dito desenvolvemento.

Polo exposto o Grupo Municipal Popular solicita:

1º-Que o Concello proceda a roza da maleza que invade a beirarrúa para un mellor tránsito dos peóns.

2º-Que desde o Concello se inicien os trámites pertinentes para que desde o Departamento correspondente se proceda a notificar aos propietarios dos mencionados terreos a obriga de mantelos limpos.

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2015

A large, stylized handwritten signature in black ink, appearing to be 'Agustín Hernández'. The signature is written over the typed name and title below it.

Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela